



A devandita modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada, se durante o período indicado non se presentan reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partires do seguinte á finalización da exposición ó público.

Cambados, a 29 de agosto do 2014.—O Alcalde, Luis Aragunde Aragunde.

2014007409

EDICTO

O Pleno do Concello de Cambados, en sesión celebrada o día 28.08.2014, aprobou con carácter provisional o expediente de Crédito extraordinario nº 4/2014 con cargo a baixas por anulación.

De conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 38 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, o expediente exponse ó público durante un prazo de 15 días hábiles contados a partires do seguinte á data de inserción do presente anuncio no B.O.P, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

A devandita modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada, se durante o período indicado non se presentan reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partires do seguinte á finalización da exposición ó público.

Cambados, a 29 de agosto do 2014.—O Alcalde, Luis Aragunde Aragunde.

2014007410

* * *

CRECENTE

ANUNCIO

Ao non se ter presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE CRECENTE (PONTEVEDRA) cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeneral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 17.3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que aproba o texto refundo da lei Reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE CRECENTE (PONTEVEDRA)

ARTIGO 1.—DEFINICIÓN

A Telesistencia Domiciliaria é un servizo que, a través da liña telefónica e cun equipamento informático específico situado nun centro de atención e no domicilio dos/das usuarios/as, permite ás persoas maiores e/ou persoas enfermas ou discapacitadas, ó pulsa-lo botón dun dispositivo (medallón ou pulseira), que levan constantemente sen molestias, entrar en contacto verbal “mans libres” cos operadores/as do centro de atención e profesionais capacitados para darlle resposta adecuada á crise presentada, ben por se mesmos ou mobilizando outros recursos humanos ou materiais, propios da persoa usuaria ou existentes na comunidade. Dito servizo está a disposición dos usuarios as 24 horas do día, durante os 365 días do ano.

**ARTIGO 2.—DESTINATARIOS DO SERVIZO E CARÁCTERÍSTICAS DOS USUARIOS**

Este servizo está dirixido ás persoas maiores e persoas con discapacidade que pola súa avanzada idade o pola súa discapacidade, atópanse soas ou pasan a maior parte do día sen a presenza de outras persoas e necesitan a atención do servizo de Teleasistencia para poder seguir vivindo no seu propio domicilio ou que convivindo con outras persoas, estas presentan características de idade ou discapacidade semellantes que lles impida desenvolverse con total autonomía.

Debido a que a utilización deste servizo require dun certo nivel de comprensión e de discernimento por parte dos usuarios, exclúese expresamente como usuarios deste servizo de Teleasistencia Domiciliaria: As persoas que teñan recoñecido o nivel de dependencia; as persoas afectadas de enfermidades mentais graves, incluídas as demencias; así como tamén as persoas con notorias deficiencias de audición (hipoacusias severa, profunda e cofosis) e/ou expresión oral, dado que o sistema posibilita a atención ante situacións de emerxencia, principalmente mediante a comunicación verbal entre o usuario e o Centro de Atención.

Defínense os seguintes tipos de usuarios ou beneficiarios do servizo:

- A) titular do servizo de teleasistencia domiciliaria.
- B) Persoa usuaria con unidade de control remoto adicional.
- C) Persoa usuaria sen unidade de control remoto.

ARTIGO 3.—REQUISITOS DOS POSIBLES BENEFICIARIOS

O usuario deste servizo de Teleasistencia domiciliaria deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Residir no termo municipal do concello de Crecente.
- Dispoñer dunha liña telefónica no domicilio ou estar en condicións de dispoñela previamente a instalación do equipo de telealarma.
- Estar capacitado para o manexo do aparato.
- Efectuar a solicitude correspondente, acompañando da documentación requirida a través dos servizos sociais do Concello de Crecente.
- Non superar o límite de ingresos económicos establecidos no baremo da Deputación Provincial de Pontevedra

ARTIGO 4.—OBRIGAS DOS/AS USUARIOS/AS

Facilitar a labor dos técnicos de servizos sociais e da empresa no desenvolvemento das súas intervencións profesionais.

Comunicar os cambios de situación persoal ou familiar que poidan afectar a concesión, modificación, supresión ou baixa do servizo.

Satisfacer, de ser o caso, a cota de participación no custo do servizo.

ARTIGO 5.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA

1. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo calcularase en función da súa renda. Teranse en conta as rendas actuais derivadas de pensións, salarios, subsidios ou calquera outro tipo de prestación, así coma os rendementos de capital mobiliario de toda a unidade de convivencia
2. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes : o/a solicitante, o/a cónxuxe, parella de feito ou relación semellante e os ascendentes e/ou fillos menores de 25 anos ou maiores de esta idade en situación de discapacidade que dependan economicamente do/a solicitante

ARTIGO 6. – COPAGAMENTO DO SERVIZO

Realizarase de conformidade coa Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de teleasistencia. Tendo en conta os copagos establecidos no convenio asinado coa Deputación de Pontevedra no que se acorda que o Concello debe asumir o 66% do custo do servizo e as persoas usuarias contribuirán ao programa ca cantidade que estableza a corporación Municipal sen que a contía poida superar o 33%, establececese o seguinte:

Os/as usuarios/as que causen alta no servizo e unha vez valorado o expediente e a súa capacidade económica:

<i>CAPACIDADE ECONÓMICA</i>	<i>IMPORTE DA TAXA</i>
Menor ou igual ao 150% do IPREM	O 50% do importe máximo recollido no artigo 6.1 da ordenanza fiscal
Maior de 150% do IPREM	O 100% do importe máximo recollido no artigo 6.1 da ordenanza fiscal

ARTIGO 7. – NORMAS DE XESTIÓN DO SERVIZO

1. As persoas interesadas na prestación do servizo ao que se refire a presente ordenanza deberá prestar solicitude por escrito acompañada dos anexos, segundo establece a Deputación Provincial de Pontevedra.
2. O departamento de Servizos Sociais unha vez recibida a demanda dos posibles usuarios/as e unha vez solicitada a documentación necesaria, fará unha valoración social e proposta correspondente da inclusión no programa que remitirase a Deputación Provincial de Pontevedra para que resolva dita inclusión.
3. Coa solicitude xustificaranse os ingresos para a determinación da capacidade económica
4. As altas e baixas, definitivas e/ou temporais, dos usuarios serán propostas polo Concello de Crecente á Deputación, e serán dispostas mediante a resolución correspondente, que se comunicará á empresa, ao usuario e ao concello.
5. A baixa na prestación do servizo producirá efectos ao mes seguinte da solicitude da mesma por parte do/a beneficiario/a ou declaración de oficio

ARTIGO 8. – LIMITE DE TERMINAIS SUBVENCIONADOS

O Concello establece como límite de terminais a subvencionar 9. Superado o citado número elabórase unha lista de agarda, tendo en conta a puntuación obtida no baremo aplicado da Deputación Provincial de Pontevedra e en caso de empate a data de rexistro de entrada municipal da solicitude.

ARTIGO 9. – CAUSAS DE CESAMENTO DO SERVIZO

O cesamento no servizo será proposto así mesmo polo concello, sendo causa disto, a acreditación, entre outras, das seguintes circunstancias:

- Falecemento do usuario titular.
- Rexeitamento voluntario.
- Ingreso definitivo nunha residencia de convivencia ou institución similar.
- Cambio significativo, con carácter permanente, das circunstancias persoais que deron lugar á instalación da teleasistencia.
- Entorpecemento grave da labor dos profesionais que levarán a cabo o servizo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Esta Ordenanza adecuarase ao Convenio asinado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente. No caso de extinguirse o Convenio iniciarase o procedemento para derogar esta ordenanza.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA*

En canto ao non especificado nesta Ordenanza teremos en conta o Convenio asinado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril reguladora das bases de réxime local, mantendo a súa vixencia en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Crecente, a 19 de agosto de 2014.— A Alcaldesa, Marisol Gómez Domínguez.

2014007242

A N U N C I O

Ao non se ter presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE CRECENTE (PONTEVEDRA) cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeneral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 17.3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que aproba o texto refundo da lei Reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE CRECENTE (PONTEVEDRA)*ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 ao 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de Teleasistencia cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A presente ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal desta entidade Local, desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

ARTÍCULO 2.—FEITO IMPONIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa da prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria tendente a mellorar as condicións de vida de aquelas persoas incapacitadas para valerse por elas mesmas, ben por razóns de idade ou incapacidade física o psíquica, que viven sos; facilitando así o contacto co seu entorno socio familiar e asegurando a intervención inmediata nas crises persoais ou médicas para proporcionarlles seguridade.

ARTIGO 3.—DESTINATARIOS DO SERVIZO E CARÁCTERÍSTICAS DOS USUARIOS

Este servizo está dirixido ás persoas maiores e persoas con discapacidade que pola súa avanzada idade o pola súa discapacidade, atópanse soas ou pasan a maior parte do día sen a presenza de outras persoas e necesitan a atención do servizo de Teleasistencia para poder seguir vivindo no seu propio domicilio ou que convivindo con outras persoas, estas presentan características de idade ou discapacidade semellantes que lles impida desenvolverse con total autonomía.

Debido a que a utilización deste servizo require dun certo nivel de comprensión e de discernimento por parte dos usuarios, exclúese expresamente como usuarios deste servizo de Teleasistencia

*DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA*

En canto ao non especificado nesta Ordenanza teremos en conta o Convenio asinado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril reguladora das bases de réxime local, mantendo a súa vixencia en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Crecente, a 19 de agosto de 2014. – A Alcaldesa, Marisol Gómez Domínguez.

2014007242

A N U N C I O

Ao non se ter presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE CRECENTE (PONTEVEDRA) cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeneral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 17.3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que aproba o texto refundo da lei Reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE CRECENTE (PONTEVEDRA)*ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 ao 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de Teleasistencia cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A presente ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal desta entidade Local, desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

ARTÍCULO 2. – FEITO IMPONIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa da prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria tendente a mellorar as condicións de vida de aquelas persoas incapacitadas para valerse por elas mesmas, ben por razóns de idade ou incapacidade física o psíquica, que viven sos; facilitando así o contacto co seu entorno socio familiar e asegurando a intervención inmediata nas crises persoais ou médicas para proporcionarlles seguridade.

ARTIGO 3. – DESTINATARIOS DO SERVIZO E CARÁCTERÍSTICAS DOS USUARIOS

Este servizo está dirixido ás persoas maiores e persoas con discapacidade que pola súa avanzada idade ou pola súa discapacidade, atópanse soas ou pasan a maior parte do día sen a presenza de outras persoas e necesitan a atención do servizo de Teleasistencia para poder seguir vivindo no seu propio domicilio ou que convivindo con outras persoas, estas presentan características de idade ou discapacidade semellantes que lles impida desenvolverse con total autonomía.

Debido a que a utilización deste servizo require dun certo nivel de comprensión e de discernimento por parte dos usuarios, exclúese expresamente como usuarios deste servizo de Teleasistencia



Domiciliaria: As persoas que teñan recoñecido o nivel de dependencia; as persoas afectadas de enfermidades mentais graves, incluídas as demencias; así como tamén as persoas con notorias deficiencias de audición (hipoacusias severa, profunda e cofases) e/ou expresión oral, dado que o sistema posibilita a atención ante situacións de emerxencia, principalmente mediante a comunicación verbal entre o usuario e o Centro de Atención.

Defínense os seguintes tipos de usuarios ou beneficiarios do servizo:

- A) titular do servizo de teleasistencia domiciliaria.
- B) Persoa usuaria con unidade de control remoto adicional.
- C) Persoa usuaria sen unidade de control remoto.

ARTIGO 4.—REQUISITOS DOS POSIBLES BENEFICIARIOS

O usuario deste servizo de Teleasistencia domiciliaria deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Residir no termo municipal do concello de Crecente.
- Dispoñer dunha liña telefónica no domicilio ou estar en condicións de dispoñela previamente a instalación do equipo de telealarma.
- Estar capacitado para o manexo do aparato.
- Efectuar a solicitude correspondente, acompañando da documentación requirida a través dos servizos sociais do Concello de Crecente.

Ademais, Unha vez instalada o usuario deberá:

- Facilitar a labor dos técnicos de servizos sociais e da empresa no desenvolvemento das súas intervencións profesionais.
- Comunicar os cambios de situación persoal ou familiar que poidan afectar a concesión , modificación, supresión ou baixa do servizo.
- Satisfacer, de ser o caso, a cota de participación no custo do servizo.

ARTIGO 5.—ALTAS E BAIXAS NO SERVIZO

O Concello de Crecente despois de recibida a demanda dos posibles usuarios de Teleasistencia a través do departamento de Servizos Sociais, e unha vez solicitada a documentación necesaria e feita a valoración social e proposta correspondente de inclusión no programa, remitirá as solicitudes á Deputación Provincial de Pontevedra para que resolva dita inclusión.

As altas e baixas, definitivas e/ ou temporais, dos usuarios serán propostas polo Concello de Crecente á Deputación, e serán dispostas mediante a resolución correspondente, que se comunicará á empresa, ao usuario e ao concello.

O cesamento no servizo será proposto así mesmo polo concello, sendo causa disto, a acreditación, entre outras, das seguintes circunstancias:

- Falecemento do usuario titular.
- Rexistamento voluntario.
- Ingreso definitivo nunha residencia de convivencia ou institución similar.
- Cambio significativo, con carácter permanente, das circunstancias persoais que deron lugar á instalación da teleasistencia.
- Entorpecemento grave da labor dos profesionais que levarán a cabo o servizo.

ARTIGO 6.—CUOTA TRIBUTARIA

6.1. No servizo de teleasistencia domiciliaria, e segundo convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra, a achega mensual dos usuarios do servizo non poderá exceder do 33% do prezo máximo do servizo, e dicir das seguintes contías.



- a) Para o titular do servizo de teleasistencia domiciliaria: 6,18 €/mes,
- b) Para a persoa usuaria con unidade de control remoto adicional: o 50% do prezo indicado para o titular do servizo, é dicir: 3,09 €/mes
- c) Para a persoa usuaria sen unidade de control remoto: o 40% do prezo indicado para o titular do servizo, é dicir: 2,47 €/mes

Unha vez adxudicado novo contrato pola Deputación Provincial, e no caso que o prezo unitario por persoa usuaria ofertado pola empresa adxudicataria sexa inferior ou superior, reducirase ou aumentarase, segundo sexa o caso, de forma proporcional a cantidade a aboar polos usuarios do servizo.

6.2. Dentro de esta marxe máxima o prezo público a liquidar aos usuarios regularase en termos da porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria de conformidade coa seguinte táboa:

CAPACIDADE ECONÓMICA	IMPORTE DA TAXA
Menor ou igual ao 150% do IPREM	O 50% do importe máximo recollido no artigo 6.1 da ordenanza fiscal
Maior de 150% do IPREM	O 100% do importe máximo recollido no artigo 6.1 da ordenanza fiscal

ARTIGO 7.—CAPACIDADE ECONÓMICA

1. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo calcularase en función da súa renda. Teranse en conta as rendas actuais derivadas de pensións, salarios, subsidios ou calquera outro tipo de prestación, así coma os rendementos de capital mobiliario de toda a unidade de convivencia
2. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes : o/a solicitante, o/a cónxuxe, parella de feito ou relación semellante e os ascendentes e/ou fillos menores de 25 anos ou maiores de esta idade en situación de discapacidade que dependan economicamente do/a solicitante

ARTIGO 8.—AFECTACION DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS

DE conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Crecente en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais, estarán afectados ao financiamento do servizo de teleasistencia que reciban.

ARTIGO 9.—NORMAS DE XESTIÓN DA TAXA DO SERVIZO DE TELEASITENCIA

A obriga de pagar a taxa regulada neste acordo, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

- 9.1. De forma semestral efectuarase liquidación da taxa segundo informe realizado polos servizos sociais do Concello, no que se sinala o importe a aboar por cada usuario, en función da súa capacidade económica.
- 9.2. As taxas contempladas nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior a prestación do servizo e o pagamento efectuarase nos prazos sinalados na liquidación que se practique.
- 9.3. Transcorrido o prazo de ingreso, a débeda esixirase polo procedemento administrativo de prema devengándose o correspondente recargo. Así mesmo, as cantidades debidas devengarán interese de demora nas condicións establecidas na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 10.— INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

O incumprimento do deber de corresponsabilidade no custe do servizo en función da capacidade económica persoal, dará lugar á suspensión do servizo.



No relativo á cualificación das infraccións tributarias así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei de facendas Locais, Lei Xeral Tributaria e disposicións complementarias e de desenrolo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo a que se refire o art. 49 da Lei 7/1985 de 2 de Abril reguladora das bases de réxime local, mantendo a súa vixencia en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das facendas Locais, poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación de este anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante o tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Crecente, a 19 de agosto de 2014. — A Alcaldesa, Marisol Gómez Domínguez.

2014007243

* * *

O GROVE

ANUNCIO DE COBRANZA RELATIVO A LOS RECIBOS DEL I.A.E. 2014

Se comunica, en relación con los recibos del Impuesto sobre Actividades Económicas correspondientes a 2014, y cuando se trate de cuotas nacionales y provinciales, cuya gestión recaudatoria corresponde a la Administración Tributaria del Estado, lo siguiente:

PLAZO PARA EFECTUAR EL INGRESO

Del 15 de septiembre hasta el 20 de noviembre de 2014 (Resolución de 20 de mayo de 2014 del Departamento de Recaudación de la Agencia Estatal de Administración Tributaria).

LUGAR DE PAGO

CUOTAS NACIONALES

A través de las Entidades colaboradoras (Bancos, Cajas de Ahorro y Cooperativas de crédito) en las que no es preciso que el obligado al pago disponga de cuenta abierta.

CUOTAS PROVINCIALES

A través de las Entidades colaboradoras (Bancos, Cajas de Ahorro y Cooperativas de crédito) en las que no es preciso que el obligado al pago disponga de cuenta abierta.

Los ingresos se podrán efectuar en el horario de atención al público de dichas Entidades.

Asimismo, el pago de cuotas nacionales y provinciales podrá ser realizado mediante adeudo en cuenta, a través de Internet, en la dirección www.agenciatributaria.es, en la opción: Sede Electrónica. Trámites Destacados Pago de Impuestos. Para realizar el pago a través de Internet es necesario disponer de un sistema de firma electrónica de los admitidos por la Agencia Estatal de Administración Tributaria.

El vencimiento del plazo de ingreso en período voluntario, sin haber sido satisfecha la deuda, determinará el inicio del período ejecutivo y el devengo de los intereses de demora y de los recargos a que se refieren los artículos 26 y 28 de la Ley General Tributaria.

O Grove, a 21 de agosto do 2014. — O Alcalde Presidente, Miguel A. Pérez García.

2014007330

* * *